

PREGUNTAS E RESPOSTAS SOBRE A PSICOLOXÍA SANITARIA

1.- ¿É o mesmo un Psicólogo/Psicóloga Xeral Sanitario que un especialista en Psicoloxía Clínica?

Evidentemente, non. Os dous son profesionais sanitarios cun tronco común, pero a Psicóloga/Psicólogo Xeral Sanitario, como o seu nome indica, ten un nivel xeralista, mentres que o Psicólogo/Psicóloga Especialista en Psicoloxía Clínica, que conta ademais cunha formación polo sistema de residencia (PIR), ten un nivel de especialista sanitario. O mesmo acontece nas demais profesións sanitarias, especialmente nas que teñen recoñecidas especialidades sanitarias como Medicina, Farmacia e Enfermaría.

2.- ¿Que competencias ten un Psicólogo/Psicóloga Xeral Sanitario e en que se diferencia dunha Psicóloga/Psicólogo Especialista en Psicoloxía Clínica? ¿E de alguén que conte unicamente co Grao?

O Grao en Psicoloxía é o nivel básico de formación que habilita para exercer como Psicóloga ou Psicólogo en España, e non ten por si só o recoñecemento como profesión sanitaria, polo tanto, pode legalmente desenvolver todas as competencias profesionais psicolóxicas, excepto aquelas que impliquen valorar e intervir sobre a saúde no ámbito sanitario. A Psicóloga ou Psicólogo Xeral Sanitario que posúa ademais do título de Licenciatura/Grao en Psicoloxía, o título oficial de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria, terá a consideración de profesional sanitario podendo desenvolver a súa actividade profesional por conta propia ou allea no sector sanitario, realizando investigacións, avaliacións ou intervencións psicolóxicas sobre calquera aspecto do comportamento relacionado coa saúde, no marco do establecido na Lei. Cando se realice unha actividade profesional que faga efectiva algunha prestación sanitaria da carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, e esa actividade se desenvolva en centros públicos ou privados concertados, ou a atención que se solicita requira un nivel especializado, deberase estar en posesión do título de especialista en Psicoloxía Clínica.

3.- ¿Como se vai distinguir cando é necesaria a intervención dun psicólogo ou psicóloga especialista e cando non fai falta a súa intervención?

Pois exactamente igual que como acontece nas demais profesións sanitarias: cando o caso pola súa complexidade ou gravidade supera as capacidades do profesional xeralista, este non poderá abordalo dándolle a resposta axeitada, e entón derivarao ao especialista. De non facelo así, incórrase nunha negligencia profesional, que pode dar lugar a esixencias de responsabilidades legais e incluso deontolóxicas tal e como establece o artigo 17 do Código Deontolóxico da Psicoloxía.

En todo caso, como se ten dito, para prestar as atencións sanitarias incluídas na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, en centros públicos ou concertados, requírese o título de especialista en Psicoloxía Clínica.

4.- ¿Ten sentido esixir que as graduadas e graduados en Psicoloxía teñan competencias profesionais para exercer dentro do contexto europeo?

Segundo a normativa actual en España, o Grao en Psicoloxía é suficiente para traballar como psicólogo ou psicóloga, excepto no ámbito sanitario. Non obstante, non é acertado que sexa así. O estándar de formación establecido como óptimo para que as psicólogas e psicólogos traballen en Europa é o Certificado Europeo de Psicoloxía, o denominado modelo EuroPsy. Este modelo, trasladado ao esquema de titulacións de España, equivale a unha formación de Grao máis un Máster, e dota dun nivel de preparación exclusivamente xeralista.

5.- ¿Só haberá especialistas en Psicoloxía Clínica no sistema público de saúde?

A Lei Xeral de Saúde Pública indica as limitacións do exercicio profesional do Psicólogo ou Psicóloga Xeral Sanitario no sistema público e privado concertado. Polo tanto, non veta expresamente toda actividade asistencial da Psicóloga/Psicólogo Xeral Sanitario nese ámbito, se se trata de prestar as atencións non incluídas na carteira de servizos. Non obstante, resulta evidente que as prazas que cree o Sistema Nacional de Saúde de especialista só poderán estar ocupadas polas psicólogas e psicólogos que posúan a titulación de especialista en Psicoloxía Clínica.

O Sistema Nacional de Saúde ten un sistema de formación propio dos seus profesionais: a formación sanitaria especializada en residencia. No campo sanitario, a Universidade forma xeralistas, e, anualmente, prodúcese as convocatorias de prazas (PIR, MIR,...) ás que se poden presentar eses titulados e tituladas xeralistas. Se obteñen praza, incorpóranse a un período de catro anos de formación, no que van rotando por diversos centros do Sistema Nacional de Saúde, nos que exercen profesionalmente, baixo supervisión, á vez que se forman como especialistas. Ao finalizar este período de residencia, se o realizaron de forma satisfactoria, o profesional obtén o título oficial de especialista. Despois, estas tituladas e titulados especialistas son os contratados polo sistema público, en prazas que requiren esas titulacións.

6.- ¿Que solución se está proponendo para os licenciados/licenciadas e graduadas/graduados en Psicoloxía sen o título de especialista en Psicoloxía Clínica que están traballando no ámbito sanitario?

Coa aprobación da Lei 3/2014 (Disposición final oitava) os psicólogos e psicólogas que xa exercen no ámbito sanitario, e que cumpren os requisitos para facelo de maneira transitoria ata outubro de 2014, tendo na súa licenciatura un itinerario curricular cualificado vinculado á Psicoloxía Clínica e da Saúde, ou ben que contan cunha formación de posgrado neste ámbito de 400 horas (polo menos 100 delas prácticas), e se atopen inscritos nos rexistros autonómicos de centros, establecementos e servizos sanitarios, poderán seguir estando inscritos nos devanditos rexistros pasado o período transitorio, incluso nos casos de cambio de centro ou de Comunidade Autónoma.

7.- ¿Que solución se propón para aquelas psicólogas e psicólogos que si cursaron a súa licenciatura con itinerarios específicos de Psicoloxía Clínica e da Saúde, e/ou contan cunha formación de posgraon neste campo de 400 horas (das que polo menos 100 son prácticas), pero non están actualmente exercendo no ámbito da saúde e, polo tanto, non teñen rexistrada consulta nin teñen vinculación no rexistro dun centro sanitario, se desexan exercer nun futuro ou ter recoñecido o seu estatus de Psicólogo/Psicóloga Xeral Sanitario? ¿Estase contemplando esta circunstancia?

Si, tense contemplado. En primeiro lugar, poderán intentar conseguir o novo título de máster oficial, beneficiándose das correspondentes medidas de recoñecemento e convalidación que lle sexan aplicables. Non obstante, cando se conta coa formación que se menciona na pregunta, a Organización Colexial opina que se debería ter facilidades especiais para acceder

á condición de Psicóloga/Psicólogo Xeral Sanitario, aínda que non se estivera inscrito no rexistro sanitario, pero pola información dispoñible neste momento, parece que a única vía que vai permitir o Goberno é a xa citada de prolongar de maneira permanente esas inscricións. Polo tanto, a Organización Colexial aconsella que aqueles colexiados que estean en disposición de facelo, regularicen canto antes a súa situación e soliciten a inscrición no correspondente rexistro sanitario da súa Comunidade Autónoma antes de outubro de 2014.

8.- ¿Que acontecerá con aqueles psicólogos que obtiveron unha formación de posgrao no ámbito sanitario pero estes posgraos son específicos de certos ámbitos da saúde, como poden ser Másters en neuropsicoloxía, trastornos de ansiedade, trastornos do sono, etc.? Esas formacións poderán ser tidas en conta para obtención do novo título de máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria, dependendo do regulamento universitario que ordena os mecanismos de recoñecemento e convalidación de créditos nos estudos de posgrao. A casuística é moi ampla e é difícil predicir o que se poderá decidir en cada caso. Por outra parte, esas formacións poden ser válidas para computar nas 400 horas que permiten transitoriamente exercer como sanitario.

9.- ¿Existe algún tipo de listado ou referente para saber cales son as formacións de posgrao aceptadas dentro das 400 horas que marca a Lei para poder exercer no ámbito sanitario de maneira transitoria? De non ser así, ¿contéplase a posibilidade de facelo e ofrecelo ao público?

A Lei establece que esa formación debe estar vinculada "coa área docente de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxicos, ou coa de Psicoloxía Clínica e da Saúde". Quen pode acreditar que iso é así, son as Universidades para os cursos que elas organizan, e os Colexios Oficiais de Psicólogos, e é o que están facendo cando así se lles require, en función de como está aplicando cada Comunidade Autónoma esta normativa. A dispersión e pluralidade actual da formación de posgrao fan case imposible que se poida facer ese listado. Se alguén ten dúbidas ao respecto duns estudos concretos, se son ofrecidos por unha Universidade, esta debe clarexar se cumpre eses requisitos ou non, algo que tamén poden acreditar os Colexios, especialmente nos cursos non universitarios.

10.- ¿Como se contempla a formación recibida nos Doutoramentos? ¿Proponse tela en conta no momento de computar as horas esixidas?

A formación de Doutoramento tamén é formación de posgrao, e polo tanto tamén computa para esas 400 horas.

11.- ¿Que solución se propón para as persoas que non teñen un itinerario específico na súa licenciatura e non acaden o número de horas esixido na formación de posgrao? ¿Barállase que completen as horas que lles faltan ou deberán cursar unha formación completa que lles leve a cubrir ese requisito?

Se non se ten esa formación específica na licenciatura ou de posgrao, o psicólogo ou psicóloga non está habilitado actualmente para exercer actividades sanitarias e rexistrar a súa consulta como centro sanitario. Se lle faltan horas de posgrao, pode completalas con máis horas de formación e obterá esa habilitación transitoria ata outubro de 2014.

12.- ¿O Máster oficial en Psicoloxía Xeral Sanitaria vai poder ser convalidado ao acreditar outra formación recibida anteriormente?

Segundo o establecido na normativa vixente e na disposición adicional sétima da Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública, despréndese que as universidades que impartan os estudos de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria poderán recoñecer parte dos créditos do

devandito Máster en función da avaliación do grao de equivalencia que poida acreditarse con outros estudos universitarios cursados. Estes son os procedementos ordinarios do recoñecemento de créditos (convalidacións). Sempre que se realizan uns estudos, se se ten unha formación previa equivalente, pódese solicitar o seu recoñecemento (convalidación) para que non se esixa cursala, pero está establecido un regulamento bastante estrito ao respecto que pode limitar moito a porcentaxe dos créditos que se poden recoñecer. A casuística pode ser bastante ampla e é difícil dar unha contestación precisa sen saber o regulamento que se aplica en cada caso.

13.- Para a convalidación de créditos do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria e a validez da formación de posgrao para exercer no ámbito sanitario, ¿acéptase calquera tipo de formación de posgrao, é dicir, ofertada por calquera tipo de entidade, ou hai algunha restrición ao respecto?

O recoñecemento ordinario de créditos dos títulos universitarios esixe que a formación a recoñecer teña sido impartida por Universidades. E respecto ás 400 horas de formación de posgrao que se establecen no regulamento transitorio, só se esixe que estean vinculadas "coa área docente de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxicos, ou coa Psicoloxía Clínica e da Saúde", polo tanto, poden estar impartidas por calquera tipo de entidade.

14.- ¿Será necesario estar en posesión do Título de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria para poder acceder ao Título de Especialista en Psicoloxía Clínica?

Actualmente, para acceder ás convocatorias de formación sanitaria especializada polo sistema de residencia (prazas PIR) só se esixe o título de Grao/Licenciatura en Psicoloxía. Este regulamento podería cambiar no futuro e pasar a esixir o título de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria.